

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

REUNIDOS

Don..., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa de acordo coas facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dona..., con DNI..., presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, con CIF..., elixida presidenta mediante Acordo da Asemblea Xeral ordinaria do 20 de febreiro de 2016, que actúa no nome e na representación da devandita entidade de acordo co establecido no artigo 31 dos seus estatutos.

EXPOÑEN:

1. Que ambas entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso

normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. No ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as competencias en materia de política lingüística.

2. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades asociativas para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

3. Que a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (en diante CTNL), que conta na actualidade con 181 persoas asociadas, é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico que ten por finalidade a defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras de normalización lingüística de Galicia e a súa formación, así como a promoción da lingua en todos os ámbitos da sociedade galega. Para este fin, tamén colabora con outras entidades e institucións, públicas e privadas, que teñen como finalidade promover e fomentar a lingua galega.

4. Que para un mellor cumprimento dos seus obxectivos, vén desenvolvendo iniciativas diversas dirixidas ao sector que representa, tales como, elaboración e realización de estudos, análises, propostas, actividades de formación continua e actuacións divulgativas e informativas. A CTNL tamén realiza labores de coordinación e orientación entre os diversos servizos de normalización que traballan noutras institucións ou entidades galegas e con outros profesionais do sector de Galicia.

5. Que a Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua é a única destas características en Galicia que aglutina a técnicos de servizos lingüísticos e de normalización que traballan nos distintos servizos de asesoramento sobre

normalización lingüística dos concellos, deputacións, mancomunidades e diversas institucións de Galicia. Dadas as características específicas do colectivo que se integra nesta coordinadora e das actuacións que desenvolve esta entidade, non é posible promover a concorrencia para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

6. Que ambas as entidades son conscientes do gran labor que realizan os profesionais que traballan a prol da normalización lingüística e da importancia de poñer en marcha accións conxuntas para mellorar e facer máis efectivo o seu traballo. Neste sentido, como teñen intereses comúns e coincidentes e tendo en conta, as vantaxes que para os seus fins terá a súa colaboración, manifestan a súa vontade de continuar desenvolvendo conxuntamente un programa de actuacións dirixidas aos traballadores dos servizos de normalización.

Polo exposto, as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2017, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a CTNL para mellorar a eficacia e eficiencia no traballo que realizan os técnicos dos servizos de normalización lingüística dos concellos, deputación, mancomunidades e diversas institucións de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de accións formativas dirixidas aos traballadores de normalización da lingua galega e a outras persoas interesadas de diversas entidades para a mellora do proceso de normalización.

Segunda. Obrigas da CTNL

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio, a CTNL comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

Accións formativas para a mellora do traballo en normalización lingüística

A CTNL realizará un curso ou obradoiro dirixido a traballadores/as de normalización da lingua de cara á mellora do desenvolvemento do seu traballo, centrado nalgunha das seguintes temáticas: creatividade e motivación para o fomento do galego, deseño e maquetación de materiais básicos para a lingua ou comunicación para a normalización lingüística.

Accións para o fomento do uso e prestixio do galego

A CTNL desenvolverá unha xornada de transmisión de ideas para o futuro do uso e prestixio da lingua.

A CTNL encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como de facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a lle facilitar, cando sexa preciso, á CTNL o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta. Financiamento

O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **seis mil euros (6.000,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará cunha achega de **cinco mil euros (5.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.
- A CTNL contribuirá coa cantidade restante de **mil euros (1.000,00 €)**.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a correspondente achega, a CTNL presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará unha xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias).
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A CTNL facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta. Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Sétima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación.

Décima. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da CTNL. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento, total ou parcial, dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades previstas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente, terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio no lugar e data anteriormente citados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

A presidenta da Coordinadora de
Traballadores/as de Normalización da Lingua